



INFORME FINAL DO TERCEIRO ANO

PROGRAMA DESENVOLVIMENTO COMUNITARIO EN ADDIS ABABA



Introdución

Implicadas no Desenvolvemento e OPRIFS (ONG que traballa polos dereitos das nenas en Addis Ababa) levan traballando dende 2004 en varios suburbios de capital etíope para promover o empoderamento das mulleres e a igualdade de xénero como a mellor prevención para que as nenas rematen na rúa en situación de desprotección. O programa **Desenvolvemento Comunitario en Addis Ababa** comezou hai tres anos e tivo o apoio de Memoria e neste último ano do Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade. Durante este último ano do proxecto as dificultades tanto internas como externas do proxecto levaron a que Implicadas pechase a colaboración con OPRIFS. Por unha banda, a demolición dos suburbios onde o proxecto tivo lugar fixo que moitos dos grupos de axuda mutua tivesen que desfacerse e se perdese grande parte do esforzo investido nos últimos anos. Ademais, Implicadas organizou unha avaliación externa realizada por unha experta etíope na que se constataban numerosos problemas por parte de OPRIFS á hora de aplicar o programa acordado entre a organización, Implicadas e a comunidade. Por outra banda, a organización compañeira, OPRIFS, pasou por un período de grande inestabilidade que provocou atrasos no envío de informes e outra serie de problemas de tipo administrativo que levou á Xunta Directiva de Implicadas a tomar a decisión de rematar a colaboración con esta entidade ao non acadar o seu traballo os niveis de calidade e confianza que caracterizan o traballo de Implicadas.



Obxectivos

O obxectivo final deste proxecto foi previr que as nenas dos kebeles 17 do suburbio de Arada e 13/14 do suburbio de Yeka en Addis Abeba rematen na rúa tendo en conta a desprotección especial das familias monoparentais de mulleres e en xeral a falta de posibilidades económicas, sociais e políticas das mulleres como base para a circunstancia concreta da mendicidade e traballo das nenas.

Metodoloxía de traballo

Para conseguir o obxectivo proposto traballouse coa metodoloxía dos grupos de axuda mutua e implantáronse outras medidas máis globais como a sensibilización con respecto á desigualdade de xénero a través do teatro de rúa ou a alfabetización. Os grupos de axuda mutua son grupos de entre 15 e 20 mulleres que se reúnen de forma semanal para aforrar unha cantidade que entre elas deciden e así crear un fondo común do que poder obter crédito para poder poñer en marcha os seus negocios. Ademais, os grupos tratan temas de tipo social e de xénero nas súas xuntanzas. O proxecto deu apoio tamén para a capacitación laboral, de forma que as mulleres puidesen mellorar os seus ingresos de forma significativa.

Resultados

O programa conseguiu, con respecto ao seu obxectivo, que 1734 nenas, fillas das integrantes dos 35 grupos de axuda mutua existentes, se mantivesen na escola (das cales, debido á desintegración dos grupos ao final do proxecto, continúan hoxe 902).



O incremento da autoestima e a autonomía destas 272 mulleres, derivada da súa mellora económica, foi fundamental para evitar que enviasen ás súas fillas a traballar nas rúas da cidade. Entre agosto de 2008 e outubro de 2010 traballouse con 35 grupos de axuda mutua (se ben ao final do período ficaban operativos 19). En total organizouse a 621 mulleres (hoxe 344). O aforro dos grupos aumentou de forma significativa, e ademais, 347 mulleres puxeron en marcha negocios, o cal aumentou os seus ingresos de forma significativa. Ademais, 85 mulleres máis recibiron formación en capacitación laboral (artesanía, elaboración de produtos de alimentación).

Foi preciso tamén procurar unha mellora das condicións sanitarias e educativas das beneficiarias, e para iso 580 mulleres recibiron formación en temas hixiénico-sanitarios e 342 mulleres e as súas veciñanzas participaron en conversas comunitarias sobre saúde. Ademais, 94 mulleres foron derivadas a tratamento grazas ao traballo da traballadora sanitaria.

O incremento do coñecemento e sensibilización sobre as desigualdades que sofren as mulleres entre a poboación era outro dos resultados esperados. Neste tempo un total de 1.421 persoas (mulleres, homes e crianzas) foron sensibilizadas con respecto ao xénero, 20 mulleres foron seleccionadas para realizar teatro de rúa e concienciar a mulleres e homes da súa comunidade, o que permitiu chegar a un número tan elevado de persoas.

A mellora do apoio educativo a 100 nenas e nenos que traballaban nas rúas foi posible por medio das clases de apoio. O 41% (28 de 68) das crianzas que asistiron a estas clases recibiron as mellores notas do curso na escola. O 90% das crianzas matriculadas asistiron a clase con regularidade.



Do mesmo xeito, as clases para mulleres incrementaron o nivel de alfabetización das mulleres. Durante este período 14 mulleres asistiron ás clases de alfabetización, aínda que a demolición dos suburbios afectou ao local e ao final do proxecto a continuidade é incerta. O 100% das asistentes participaron activamente na clase.

A continuación pasamos a pormenorizar as actividades que fixeron posible a consecución destes resultados.

Actividades

Actividades relativas aos grupos de axuda mutua e capacitación laboral

A primeira actividade a realizar era a posta en funcionamento de 16 grupos de axuda mutua e continuar co apoio ós outros 34 xa creados durante o segundo ano do proxecto. Durante o último ano do programa creáronse 4 grupos de axuda mutua (un total de 70 mulleres) no canto dos 16 previstos, debido aos problemas ocasionados polas eleccións de maio e tamén pola demolición dos suburbios, e seguiu traballando cos grupos existentes ata os meses finais do proxecto, en que as demolicións levaron a que só queden en funcionamento 19 (344 mulleres). Estes imprevistos impediron de forma moi marcada o desenvolvemento das actividades planificadas. Aínda así, traballouse con 621 mulleres e fican neste momento 344 nos 19 grupos que sobreviviron. En total 242 mulleres asistiron á formación sobre os conceptos básicos do que é un grupo de axuda mutua, e tamén se centrou en determinar fortalezas e debilidades dos grupos.

No tocante á capacitación para mulleres, o proxecto puxo en marcha diferentes formacións para poder mellorar a capacidade empresarial e laboral das mulleres, permitindo impartir formación durante seis meses dun centro de formación oficial. Organizáronse diferentes cursos de capacitación empresarial básica ao que asistiron 347 mulleres que xa tiñan algún pequeno negocio e

realizouse ademais un curso específico para 25 mulleres que deixaran os seus negocios por falta de coñecemento á hora de xestionalos e que agora retomaron a actividade.

No tocante a capacitación laboral, 60 mulleres asistiron a cursos das cales 33 recibiron o seu título de manipuladoras de alimentos (o que lles permite comezar coa posta en marcha de negocios ou ben ser contratadas por restaurantes ou outras empresas semellantes) e en bordado, e 27 máis



están aínda realizando o curso. Unha das mulleres foi empregada polo centro de formación. En total 11 grupos puxeron en marcha negocios conxuntos.

Actividades relativas á sanidade

Durante o período do informe celebráronse 12 conversas comunitarias sobre temas sanitarios onde as integrantes de 12 grupos de axuda mutua e outros membros da familia e comunidade en xeral nas que participaron 296 mulleres e 56 crianzas. Ademais, durante o proxecto impartíronse obradoiros de saúde baseados en cuestións que as propias mulleres comentaron. A enfermeira comunitaria comentou estes problemas nos obradoiros e as mulleres conseguiron un mellor entendemento das cuestións sanitarias. O proxecto incluíu un curso de educación sanitaria para co fin de que se impliquen no traballo sanitario nos seus suburbios. 94 mulleres de 5 grupos de apoio mutuo foron directamente atendidas ou derivadas pola enfermeira comunitaria e 305 mulleres recibiron un curso de educación/formación de dous días sobre a importancia da posta en práctica do traballo sanitario nos seus suburbios.

Actividades relativas á desigualdade de xénero



Durante o proxecto realizouse unha sesión de formación de dous días sobre igualdade de xénero. Igualmente o proxecto formou a 20 mulleres seleccionadas por interese e capacidade para formar

parte dun grupo de teatro. As propias participantes, co apoio técnico da docente, Meseret Yirga de Adugna, desenvolveron o guión para tratar temas relacionados cos papeis de xénero. Realizaron 15 representacións tras a estrea do 8 de marzo (organizado por 4 clusters dos grupos de aforro), cunha estupenda acollida por parte das comunidades (asistiron 1.421 persoas: 932 mulleres, 298 homes e 191 crianzas). Na celebración dos actos do 8 de marzo participaron 450 mulleres.

Actividades relativas a alfabetización e educación básica

Durante este período o proxecto seguiu impartindo clases de apoio a nenas e nenos. Ao pasar a 5º estas crianzas abandonaron o programa de apoio (que ten ese límite de idade), e entraron 56 crianzas novas (28 nenas e 28 nenos). Durante este período animouse ademais ás mulleres dos grupos de apoio mutuo a que asistisen a clases de alfabetización. A asociación de grupos de aforro é a que promove estas clases, e é unha das poucas mulleres con estudos do grupo a que, de xeito voluntario e con apoio do persoal do proxecto, imparte as mesmas.

Por medio destas actividades, 68 nenas e nenos recibiron clases de apoio, 28 das/os cales recibiron as mellores notas do seu curso na reválida de quinto grazas ao traballo do programa. Ademais, 14 mulleres integrantes dos grupos de aforro asistiron ás clases.



Avaliación

Implicadas no Desenvolvemento considera a eficiencia deste proxecto como media-baixa na medida en que os obxectivos e resultados específicos en canto ao ritmo de avance do proxecto foron moi baixos. Por unha banda, non foi posible alcanzar o número de mulleres previsto que se deberan organizar en grupos novos, debido a circunstancias adversas, como a demolición durante o período de aplicación do proxecto de varios suburbios nos que se levaba a cabo o mesmo. Tampouco, como manifesta a avaliación externa, a calidade dos grupos é a esperada, con niveis de dependencia moi altos incluso en grupos que levan tres anos funcionando e a incapacidade de crear Asociacións de Grupos tal e como estaba previsto (4 por ano). Ademais, houbo unha importante infrautilización do orzamento e un atraso na aplicación dos recursos debido a problemas de xestión interna de OPRIFS, o cal fixo que Implicadas tivese que negociar co Fondo en varias ocasións e tivese que adiantar máis de 6000 para este proxecto por problemas na entrega correcta e puntual de informes. OPRIFS incumpriu de forma reiterada os compromisos adquiridos por escrito e como se pode comprobar no balance económico, non foi quen de executar o orzamento que OPRIFS mesma planificara, algo que supuxo importantes problemas á hora de xustificar a axuda do Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade. Estas son as razóns polas cales a Xunta Directiva de Implicadas, a pesar de recoñecer o impacto positivo do programa nas mulleres coas que ata o momento se traballou e os bos resultados de moitas actividades, decidiu pechar a colaboración con esta organización.



INFORME ECONÓMICO FINAL

	Orzamentado		Solicitado ao fundo		IND	MENORIA	Gastouse	
	Birr	Euro	Birr	Euro			Birr	euro
CUSTES DIRECTOS								
Equipos e suministros	36.651,44	2.513 €	36.639,54	2.513 €			38.860,74	2.665,35
Persoal	103.269,45	7.074 €	103.138,92	7.074 €			119.540,11	8.198,91
Funcionamento	351.468,00	24.085 €	147.039,30	10.085 €		14.000 €	319.368,37	21.904,55
Outros	60.000,00	9.000 €	58.320,00	4.000 €	5.000 €		60.000,00	4.115,23
Subtotal C.D	551.388,89	42.672 €	345.137,76	23.672 €	5.000 €	14.000 €	537.769,22	36.884,03
CUSTES INDIRECTOS		2.900 €		2.900 €				
TOTAIS		45.572 €		26.572 €	10.000 €	28.000 €		36.884,03 €

VOCES DESDE O PROXECTO

Helen é integrante do grupo *Ehetamachoch*. Participou por cinco días consecutivas no curso sobre o concepto dos grupos de axuda mutua organizado por OPRIFS. Despois de asistir ao curso aplicou os métodos de formación co seu propio grupo. Chegou ao grupo con novas ideas sobre como aumentar o crédito e elixiron unha nova tesoureira e secretaria. Tamén comentou que isto tivo moito impacto sobre todo para aquelas que tiñan pequenos negocios.



Etenesh ten 55 anos e antes de retirarse hai dez anos traballaba nunha fábrica. Despois disto dependía só do seu home. Entrou no grupo *Yeshambushal* e tomou un crédito de 200.00 birr grazas ao cal puxo un pequeno negocio de venda de carbón vexetal, mercaba sacos de carbón e vendíaos pero nunca entendera moi ben os ingresos e gastos. Etenesh participou na formación empresarial durante cinco días. Despois da formación decidiu fabricar ela mesma o carbón vexetal e con isto obter maiores ingresos. Tres días despois da formación comezou a vender o seu produto e conseguiu uns ingresos de 80 birr na primeira rolda de produción. Segundo ela, asistir á formación axudoulle a xestionar tamén mellor os ingresos e gastos do seu negocio.

Cando **Worke H/Mariam** se estaba a preparar a mañá da Grande Carreira polos dereitos das mulleres o seu neto díxolle, “*Non te avergoñas de ir correr á túa idade*” e rexeitou darlle unhas zapatillas para ir correr xa que ela non tiña, mais ela puxo os seus zapatos de coiro e botou a correr.



Sorprendentemente a súa avoa volveu á casa co premio. Todas e todos debemos saber que as mulleres poden marcar a diferenza estean onde estean.